

DOSSIER

ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA



CULTURGAL

2018



XUNTA
DE GALICIA





7H COOPERATIVA CULTURAL

CREACIÓN E MEDIACIÓN CULTURAL

7H é unha empresa cooperativa dedicada á creación e á acción cultural. Está conformada por creadoras, axentes e formadoras de moi distintas disciplinas que traballan convxuntamente na creación de proxectos globais por e para as persoas. As súas principais liñas de traballo son a arte contemporánea, a arte urbana, a ilustración, o deseño, a creación audiovisual e a educación artística.

881978756_637894033

7hcoop@7hcoop.es

7hcoop.es



ADELANTE GRUPO INMOBILIARIO

S. COOP. GALEGA

AdelantARTE é ARTE para TODOS e con esta premisa, esta cooperativa conseguiu consolidar un novo espazo no panorama de Vigo. Colabora e ofrece as súas instalacións a todos os artistas comprometidos co concepto de ARTE para TODOS, proporcionando un lugar de encontro onde poder disfrutar cos artistas e adquirir as súas obras sen ningún intermediario.

info@adelanteinmobiliaria

986114846

adelanteinmobiliaria.com



COOPERATIVA GALEGA DE ARTISTAS

CHARLATANA

COOPERATIVA GALEGA DE ARTISTAS

Charlatana é un novo espazo galego de creación, producción e distribución propia que integra diversas disciplinas artísticas: circo, música, teatro infantil, contos, obradoiros, xogos colaborativos e dinámicas de grupo.

Charlatana nace para crear un espazo de cooperación no que conflúan diversas propostas artísticas onde o obxectivo común é DIVERTIR e EDUCAR. A través do humor, o espíritu crítico e o debate en escena, Charlatana crea espectáculos que integran valores como a igualdade, a cooperación, a reciclaxe e a cultura e lingua galegas.

637 756 129

ola@charlatana.org

charlatana.org



cestolanacachola

CESTOLA NA CACHOLA

S. COOP. GALEGA

Cestola na Cachola está composta por tres persoas que conforman unha empresa onde se combinan propostas ligadas á pintura e á economía social e solidaria. Teñen experiencia no eido da ilustración, o muralismo, a formación cooperativa e a consultaría social e traballan a nivel galego combinando a creación de propostas sociais e culturais.

679 342 562

info@cestolanacachola.org

cestolanacachola.org



D - RAÍZ
HEARTMADE ACCESORIES

D - RAIZ (DESIGN D - RAIZ)

S. COOP. GALEGA

D-RAÍZ é unha marca galega de complementos de moda sostible que revaloriza a manufactura artesanal, de producción local e feita con pasión e cariño. Alén diso, D-RAÍZ é unha ferramenta para expresar unha identidade, vincularse cos demás e comunicar. Un proceso creativo que involucra arte, cinema, teatro, música, filosofía...

Unha estética depurada, deseño e calidade nos materiais son o seu ADN. Crea deseños atemporais en edicións limitadas baixo a filosofía de producción sostible.

info@d-raiz.com

+351 600068866 / +351 616006694

www.d-raiz.com



DEZ DE DEZ SOCIEDADE LABORAL

Dezdededez ou 10D10, fundada en 1999 e situada na cidade da Coruña, centra a súa actividade na xestión cultural: representación de artistas, xestión de programacións musicais, obradoiros formativos de asociacionismo, iniciación á radio e sobre como conseguir concertos, así como á organización global de eventos.

981 140 045 _ 677 428 150

consultas@10d10.net

10d10.net



MIRAXE

S. COOP. GALEGA

Miraxe é unha cooperativa cultural de traballo asociado que ofrece servizos de xestión, organización e producción de proxectos e eventos, cunha ampla experiencia ademáis na contratación e representación artística. O seu obxectivo é dar servizo ao sector cubrindo unha ampla gama de prestacións e a súa a experiencia dálles unha boa perspectiva tanto das necesidades do sector en xeral como das súas propias como profesionais.

miraxe@miraxe.coop /

rosasalgado@miraxe.coop /

carlosboado@miraxe.coop



MIUDIÑO

S. COOP. GALEGA

A Cooperativa Miudiño nace do mundo da ilusión e dos soños, alimentada de tres grandes paixóns: a infancia, a natureza e o patrimonio cultural, que combinados entre si van dando vida a todo o que fan: música, xogos e xoguetes, obradoiros e contos. O amplo repertorio de Cé Orquestra Pantasma xunto ao marabilloso "Fíos do querer" compleméntanse con obradoiros variados e a venda e aluguer de xogos e xoguetes de madeira, de alta calidade e de elaboración propia e artesá.

653 025 908

contacto@miudinho.gal

www.miudinho.gal



O CABLE INGLÉS COOPERATIVA CULTURAL

TRAXES CULTURAIS A MEDIDA

O Cable Inglés recupera un dos episodios más descoñecidos da nosa historia, como metáfora para crear e comunicar cultura a través da xestión integral de proxectos culturais sostibles implicados co territorio e os seus habitantes, ofrecendo servizos de comunicación, producción e deseño.

653 477 154 _ 650 579 208

info@ocableingles.com

ocableingles.coop



PLANO PEMENTA S. COOP. GALEGA

Plano Pementa é unha cooperativa sen ánimo de lucro dedicada á educación, investigación, xestión e creación artística e cultural.

Conformada no ano 2018, logo dunha experiencia previa como colectivo dende o ano 2016, traballan conectando cultura e comunidade. Pensando o feito artístico como un lugar de encontro e de comunicación entre persoas, parten da consideración e a conceptualización da arte como unha ferramenta transversal necesaria para o cambio social.

info@planopementa.es

881884506

www.planopementa.es



URDIME S. COOP. GALEGA

A urdime é o conxunto de fíos paralelos que se manteñen en tensión nun marco ou tear; diferenciándose dos que tecen a trama ou rede, xerando o tecido. Esta "URDIME" nace froito da unión das sinerxías de varios profesionais da xestión cultural, construíndo pontes e camiños que xuntan coñecementos e enerxías, co fin de xestionar proxectos culturais relacionados coa infancia e a xuventude.

981 937 424 _ 619.920.335

info@urdime.net

urdime.gal



XEITURA S. COOP. GALEGA

Xeitura é unha empresa situada na provincia de Ourense que traballa no ámbito da economía social ofrecendo servizos culturais e de ocio, especialmente centrados no ámbito da arqueoloxía, o turismo e a formación.

Patrimonio con xeito!

609 474 976

contacto@xeitura.com

xeitura.com



ASOCIACIÓN de
EMPRESAS de
INSERCIÓN de
GALICIA

AEIGA, ASOCIACIÓN DE EMPRESAS DE INSERCIÓN DE GALICIA

Constituída en 2007, está a traballar dende esa data na defensa activa dos intereses das empresas de inserción e dos seus traballadores, así como na promoción das empresas asociadas dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Os seus obxectivos son: promover, apoiar e fomentar o desenvolvemento das empresas de inserción, impulsar a inserción socio-laboral daqueles colectivos máis vulnerables, amparar os intereses das persoas en situación ou risco de exclusión social e fomentar a implicación das administracións públicas e entidades privadas coas empresas de inserción.

aeigagalicia@aeiga.org

881 957452

www.aeiga.org



REDE EUSUMO FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL

A Rede Eusumo é uha rede de colaboración impulsada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social. Con ela procúrase o fomento do espírito emprendedor prestando apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social.

Esta economía é entendida como o conxunto de actividades económicas e empresariais, que no ámbito privado levan a cabo aquelas entidades que perseguen o interese colectivo dos seus integrantes ou o interese xeral económico ou social.

info@eusumo.gal

eusumo.gal